



## NOTA DE PRENSA DE SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

### Asunto: Podas drásticas do arborado urbano na cidade de Ourense

Desde hai máis de 20 anos SGHN ten expresado en diferentes momentos a súa preocupación pola xestión do arborado urbano.

Incluso se ten informado aos Responsables do Concello da existencia de bibliografía específica sobre este tema. En concreto, pola súa calidade técnica e científica recomendouse e segue a recomendarse o libro:

*Allen, K. (1986) Poda de árbores ornamentales. Real Jardín Botánico. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid.*

En todos estes anos os distintos gobernos deste Concello veñen dando variadas “razóns” para xustificar a realización destes terciados, desmoches e podas drásticas: o saneamento, a “mellora” de xardíns, a eliminación de durmideiros de estorniños, a afección a outras especies, a “sombra excesiva” sobre os macizos florais, o perigo de caída, ...., sin embargo, o modo de actuación permanece inmutable, a pesar dos problemas secundarios que se orixinan nas árbores e que o Concello debiera coñecer pois como mínimo en dúas ocasións anteriores (21/02/1986 e 06/04/2011) se lle fixo entrega dun extracto da publicación antes citada (que acompañamos ao final para a súa consideración).

O que está claro e non admite dúbida algunha, de acordo a todos os tratados de arboricultura, é que toda ferida provocada a unha árbore supón a eliminación da súa casca protectora deixando a madeira ao descuberto, exposta ao ataque de fungos, insectos e bacterias, orixinando unha cavidade máis ou menos extensa nas polas ou troncos que afecta á súa resistencia e solidez. Por esto, unha das recomendacións básicas á hora de realizar as podas é evitar os cortes sobre polas de grandes dimensións, valorando previamente calquera actuación sobre cada árbore, realizando tratamentos “personalizados”.

Cando non se respetan estas normas básicas, ou a técnica de poda non é a correcta, a evolución das árbores así tratadas ao longo dos anos leva á súa debilidade estrutural, que incrementa a inseguridade do arborado có risco que representa para as persoas e os bens.

E deixamos para cada quen a valoración do aspecto estético e ambiental das árbores así podadas.

En resumo, hai que recordar a todos, que este tipo de podas NON RESOLVEN a base DOS PROBLEMAS que se pretenden correxir, e supoñen unha agresión inxustificada ás árbores e un gasto superfluo, periódico e innecesario do erario público.

Un saúdo.

Ourense, 5 de febreiro de 2015

Xunta Directiva de SGHN-Ourense

A continuación o extracto da publicación citada:



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Delegación de Ourense

Apartado de Correos nº 212; 32080 OURENSE  
http://www.sghn.org e-mail: sghnourense@hotmail.com

2 / 2



## Sociedade Galega de Historia Natural

Delegación de OURENSE

Apartado 212

Allen, K. (1986) *Poda de árbores ornamentales*. Real Jardín Botánico. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid.

A redución drástica da copa das árbores, chamada tamén desmoche, terciado ou descabezamento (si só se reduce a parte superior da copa) é extremadamente perxudicial e debe considerarse só como o derradeiro recurso, ou como medida provisional previa á eliminación completa da árbore e a súa substitución por outra. Cando se reduce drásticamente a copa dunha árbore, supoñendo que se trate dunha especie capaz de soportar tal tratamento, orixínanse os seguintes problemas:

Putridión da madeira. Como os cortes serán grandes, iniciárase a putridión casi con seguridade. A árbore, polo tanto, terá unha estrutura débil en anos sucesivos. A putridión faise as veces tan extensa que co tempo chega a invadir tamén a parte inferior do tronco. O número relativamente grande de troncos podreídos e ocos nas árbores urbáns débese con frecuencia a que as súas copas foron repetidamente reducidas de xeito drástico ó longo dos anos.

Crecedemento de emerxencia e debilitamento da estrutura. Tras unha poda tan drástica, os novos brotes da árbore medrarán dun xeito anormal, como resultado dunha reacción de emerxencia. Esta forma de crecedemento orixina unha nova estrutura que carece de resistencia e é vulnerable diante da forza das tormentas: as novas guías son longas e delgadas, e amosan tal preponderancia de peso foliar concentrado nos seus extremos que son peligrosamente susceptibles de racharse co mal tempo. A forma de crecedemento natural dunha árbore ornamental, por suposto, é bastante distinta: as guías centrais teñen maior diámetro en proporción á súa lonxitude, e as polas laterais non saen só dos seus extremos, sinón tamén das súas partes baixas, distribuindo o peso das follas máis homoxeneamente por toda a árbore.

Insolación e secado de parte da codia e do cámbium. Cando a codia e o cámbium están acostumbrados á protección da follaxe da copa, a súa repentina exposición directa ó sol da lugar con frecuencia a que se queimen, sequen e morran as partes máis gravemente afectadas.

Debilitamento do sistema radicular. A redución drástica da copa ocasiona na árbore un desequilibrio entre a superficie foliar e a superficie radicular. Non hai suficientes follas para producir, ó traveso da fotosíntese, os alimentos necesarios para un sistema radicular tan extenso e, como consecuencia, as raíces escomenzan en moitos casos a debilitarse e secarse polos extremos.

Insuficiente almacenamento de sustancias de reserva. Coa eliminación de tanta superficie foliar, orixínase tamén o problema de que non se producen suficientes alimentos para o seu almacenamento no sistema radicular. Cando chega a primavera seguinte non hai, as veces, reservas suficientes para iniciar debidamente a nova brotación/gromación, de xeito que a árbore debilitase aínda máis.

Estética. A redución drástica da copa dunha árbore é casi sempre un desastre estético. Pérdese a gracia natural da árbore. Levará anos que a árbore recobre siquera unha parte da súa beleza natural. E xamais recobrará esa beleza por completo; a súa futura forma de crecedemento levará sempre as marcas e cicatrices do pasado trauma. Esta perda estética pode minimizarse considerablemente coa subseguinte aplicación de técnicas correctoras de poda, pero casi nunca pode recuperarse por completo.